

RÉXIMES VOLUNTARIOS EN FAVOR DO CLIMA E O MEDIO AMBIENTE

Pastoreo extensivo



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



FONDO GALEGO
DE GARANTÍA
AGRARIA



Visión xeral

- Os agricultores sodes os xestores do espazo rural, e do voso bo facer dependen recursos de todos como:
 - O solo
 - A agua e
 - Biodiversidade



Visión xeral

Derivado disto

- PACTO VERDE EUROPEO
 - É unha estratexia de crecemento da UE establecido no 2019, que consiste nun paquete de iniciativas políticas que sitúan á UE no camiño cara a unha transición ecolóxica, co obxectivo de acadar a neutralidade climática para 2050



Visión xeral

- OBXECTIVOS



Neutralidade climática

Redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro para que a UE chegue a ser o primeiro espazo climaticamente neutro do mundo



Economía circular

Novo modelo económico no que os produtos se reutilizan, separa e reciclan, reducindo os residuos e preservando os recursos



Unha industria limpa

Apostar por unha industria máis limpa, sostible e eficiente desde o punto de vista enerxético e que prospere na UE e nos resto de mercados mundiais



Medio ambiente máis saudable

Un plan para restaurar a natureza e traballar en pos dunha contaminación cero para asegurar as xeracións futuras un medio máis saudable.



Prácticas agrícolas máis sostibles

Unhas prácticas agrícolas máis ecolóxicas para protexer o medio ambiente e producir ao mesmo tempo alimentos saudables e economicamente accesibles.



Xustiza e equidade climática

Un plan para que a transición sexa xusta e inclusiva, axudando as persoas as que máis lles afecta

Visión xeral

Por que din que a agricultura europea debe ser máis ecolóxica?

- A produción de alimentos e a súa cadea de subministro son fonte de emisións de gases de efecto invernadoiro **(1/3 das emisións mundiais)**
- A agricultura intensiva pode causar degradación do solo e perda de biodiversidade debido:
 - uso de plaguicidas (contaminación de augas, perda de biodiversidade,...)
 - outras prácticas que non respectan o medio ambiente (resistencia aos antimicrobianos, contaminación por nitratos,...)



Visión xeral

Estratexias da UE cara a ecoloxización da agricultura:

Pacto Verde Europeo

- Estratexia «Da Granxa á Mesa»
- Estratexia sobre Biodiversidade
- Regulamento relativo á restauración da natureza
- Política agrícola común (PAC)



Visión xeral

Dentro da PAC:

- **Condicionalidade:** protexer os humedais e turbeiras, adoptar prácticas de rotación ou diversificación de cultivos e cobertura do solo;
- **Réximes ecolóxicos (ecorréximes):** prácticas mais aló dos obrigatorios, polos que recibir pagos adicionais.
- **Desenvolvemento rural:** ofrecen aos agricultores axuda financeira para que implanten prácticas medioambientais



Fundamentos ecorréximes

A idea coa que naceron

- Incentivar aos agricultores na adopción de prácticas que reducen ao mínimo o impacto negativo da agricultura no medio ambiente e o clima, e
- Axudarlles a evolucionar cara modelos agrícolas máis sostibles.
- E que os pagos compensen aos agricultores activos polos custos adicionais efectuados e o lucro cesante derivados dos compromisos



Fundamentos ecorréximes

Obxectivos que perseguen

- d) contribuír a adaptación ao cambio climático e a súa mitigación, mediante a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e mellorando a captura de carbono, así como promover a enerxía sustentable;
- e) promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente de recursos naturais como a agua, o solo e o aire, incluíndo a redución da dependencia química;
- f) contribuír a deter e reverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos relacionados cos ecosistemas e conservar os hábitats e as paisaxes;

Art. 6 Regulamento 2021/2115



Fundamentos ecorrexímes

Cada un dos ecorrexímes abarcará polo menos dous dos seguintes ámbitos de actuación en favor do clima, o medio ambiente, o benestar animal e a loita contra a resistencia aos antimicrobianos:

- a) mitigación do cambio climático, incluída a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes das prácticas agrícolas, así como o **mantemento dos depósitos de carbono existentes e a mellora da captura de carbono**;
- b) adaptación ao cambio climático, o que inclúe accións para mellorar a resiliencia dos sistemas de produción de alimentos e **favorecer a diversidade animal e vexetal** a fin de reforzar a resistencia as enfermidades e ao cambio climático;
- c) **protección e mellora da calidade da auga** e redución da presión sobre os recursos hídricos;
- d) **prevención da degradación do solo**, recuperación deste e mellora da fertilidade e da xestión dos nutrientes e a a biota.
- e) **protección da biodiversidade, conservación ou recuperación de hábitats ou especies**, o que inclúe o mantemento e a creación de elementos da paisaxe ou zonas non produtivas;
- f) accións para un **uso sostible e reducido de plaguicidas**, en particular os que presentan un risco para a saúde humana ou o medio ambiente;
- g) accións para **mellorar o benestar animal ou combater a resistencia aos antimicrobianos**.



Fundamentos ecorréximes

Establécense nove ecorreximenes

- a) Agricultura de carbono e agroecoloxía: Pastoreo extensivo, sega e biodiversidade nas superficies de Pastos Húmidos
- b) Agricultura de carbono e agroecoloxía: Pastoreo extensivo, sega e biodiversidade nas superficies de Pastos Mediterráneos.
- c) Agricultura de carbono e agroecoloxía: Rotacións e sementeira directa en terras de cultivo de secano
- d) Agricultura de carbono e agroecoloxía: Rotacións e sementeira directa en terras de cultivo de secano húmido
- e) Agricultura de carbono e agroecoloxía: Rotacións e sementeira directa en terras de cultivo de regadío.
- f) Agricultura de carbono: cubertas vexetais e cubertas inertes en cultivos leñosos en terreos chans.
- g) Agricultura de carbono: cubertas vexetais e cubertas inertes en cultivos leñosos en terreos de pendente media.
- h) Agricultura de carbono: cubertas vexetais e cubertas inertes en cultivos leñosos en terreos de elevada pendente e bancais.
- i) Agroecoloxía: Espazos de biodiversidade en terras de cultivo e cultivos permanentes.



Condicións xerais

Son compromisos anuais voluntarios

Pago anual por todas as ha subvencionables acollidas a unha determinada práctica

Para cada ha so se subvencionará 1 práctica

Hai 7 prácticas activas en Galicia

Pódese escoller a ou as que mellor se adapten a explotación



Disposicións específicas para **Pastoreo extensivo**

Condicións a cumprir polo solicitante:

- Ser agricultor activo
- Titular de explotación gandeira



Disposicións específicas para **Pastoreo extensivo**

Condicións da explotación:

Ser unha explotación de bovino, ovino, cabrún, equino ou porcino

Inscritas no Rexistro de explotacións a fin de prazo de modificación da solicitude única

- Co tipo de "Produción e Reprodución"
- ou tipo "Pasto"

Cunha clasificación zootécnica admisible

- Bovino: "reprodución para produción de carne", "leite" ou "mixta" o "recría de xatas" e clasificadas como extensivas ou semi-extensivas a data de finalización do prazo de modificación da solicitude única.
- Ovino e cabrún: «reprodución para produción de carne», «leite» ou «produción mixta»
- Equino: «reprodución para produción de carne» ou «reprodución mixta»
- Porcino: «extensivo» ou «mixto»



Disposicións específicas para Pastoreo extensivo

Condicións da práctica:

- Aplicase sobre superficies de pastos permanentes ou temporais sobre as que se declare aproveitamento en pastoreo.
- Pastorear mínimo 90 días ao ano
- Pastorear en todas as parcelas acollidas ao réxime, polo menos 1 día
- Non hai porque pastorear con tódolos animais da explotación pero si que hai que dicir o número deles cos que se vai facer á hora de solicitar.
- Manter unha carga gandeira sobre as superficies de pastos mínima de 0,4 Unidades de Gando Maior (UGM) por hectárea e unha carga gandeira máxima 2 UGM/hectárea.

Tipo de animal		UGM
BOVINOS	De menos de 1 ano	0,4
	De un ano a menos de dous anos	0,7
	Machos, de dous anos ou máis	1
	Xovencas de dous anos ou máis	0,8
	Vacas en aptitude leiteira de dous anos ou máis	1
	Outras vacas de dous anos ou máis	0,8
OVINOS E CABRÚNS		0,1
EQUINOS		0,8
PORCINOS	Leitóns > 20kg de peso vivo	0,027
	Porcas de cría > 50 kg	0,5
	Outros porcos	0,3



Disposicións específicas para **Pastoreo extensivo**

Condicións da práctica:

- Anotar no caderno de explotación
 - Hai que asignar as datas de inicio e fin de pastoreo por cada grupo de parcelas na solicitude única
 - No caso de que estas datas se modifiquen en **mais de 15 días**:
 - Se se usa caderno dixital, anotalas no prazo máximo dun mes
 - Se usa papel: comunicalo a autoridade competente no prazo máximo dun mes.



XEAGA

Gestión de explotaciones agrarias de Galicia

Seleccione el tipo de acceso

 Acceso para ciudadanos

 Acceso para gestores Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Regional
Cofinanciado por Unión Europea

Servizo prestado pola Consellería do Medio Rural

xeaga-1.0.47

Información de contacto: soporte-xeaga@xunta.gal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

	LIÑAS AGROAMBIENTAIS						LIÑAS Ecoreximes ¹							
	CSE ²	CSL	EPF	ZGC ³	TRP ⁴	CEC	P1	P2A	P2B	P3	P4	P5	P6	P7
1. INFORMACIÓN XERAL	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
1.1 DATOS XERAIS														
1.2 PERSOAS OU EMPRESAS QUE INTERVEÑEN NO TRATAMENTO CON PRODUTOS FITOSANITARIOS														
1.3 EQUIPOS DE APLICACIÓN DE PRODUTOS FITOSANITARIOS PROPIOS DA EXPLOTACIÓN														
1.4. AGRUPACIÓN OU ENTIDADE DE ASESORAMENTO Á QUE PERTENCE A EXPLOTACIÓN														
2. IDENTIFICACIÓN PARCELAS	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
2.1 DATOS IDENTIFICATIVOS E AGRONÓMICOS DAS PARCELAS														
2.2 DATOS IDENTIFICATIVOS MEDIOAMBIENTAIS DAS PARCELAS														
3. INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS														
3.1 REGISTRO DE ACTUACIÓNS FITOSANITARIAS DA PARCELA	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3.1 (bis) REGISTRO DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS DA PARCELA (cultivos e superficies de asesoramento)	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3.2 REGISTRO DE USO DE SEMENTE TRATADA														
3.3 REGISTRO DE TRATAMENTOS POSTCOLLEITA														
3.4 REGISTRO DE TRATAMENTOS DOS LOCAIS DE ALMACENAMENTO														
3.5 REGISTRO DE TRATAMENTOS DOS MEDIOS DE TRANSPORTE														
4. REGISTRO DE ANÁLISE DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NO CASO DE REALIZALO	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
5. REGISTRO DE COLLEITA COMERCIALIZADA														
6. REGISTRO DE FERTILIZACIÓN	X		X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X
7. CUE CUBERTAS VEXETAIS ESPONTÁNEAS OU SEMBRADAS EN CULTIVOS LEÑOSOS		X											X	
8. CUE CUBERTAS INERTES DE RESTOS DE PODA		X												X
9. CUE SEGA SOSTIBLE EN PASTOS / ILLAS DE BIODIVERSIDADE								X	X					
10. CUE PASTOREO EXTENSIVO				X			X							
11. REGISTRO DE VENDA DIRECTA						X								
12. REGISTRO DE VISITAS	X	X	X	X	X	X	X							



MOTAS GRACIAS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



FONDO GALEGO
DE GARANTÍA
AGRARIA